



SI

Mulleres en Dixital: O uso das TIC desde unha perspectiva de xénero

Edición 2023



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2024

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons
Atribución:
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Índice de Contidos

- | | |
|--|---------|
| 1. Introducción | Páx. 4 |
| 2. A fenda dixital de xénero | Páx. 6 |
| 2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses | |
| 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses | |
| 2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses | |
| 2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet | |
| 3. A fenda dixital de xénero segundo o hábitat | Páx. 21 |
| 4. Indicadores adicionais | Páx. 35 |
| 5. Conclusións | Páx. 44 |



1. Introducción

1. Introducción

Obxectivos

Analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso das tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia.

Estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo.

Fontes de Información


-  Enquisa Estrutural a Fogares (IGE) – Indicadores de tecnoloxías-. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE). Ano 2022
-  Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares (TIC-H). INE. Ano 2022
-  Indicadores de la Sociedad de la Información por género. ONTSI. Ano 2022



2. A Fenda Dixital de Xénero

2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o sexo



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)


Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Non se aprecia fenda de xénero, xa que hai equilibrio no uso de dispositivos electrónicos tales como smartphones, ordenadores portátiles ou de sobremesa, PDA ou tablet entre mulleres e homes en Galicia. As 7 décimas de diferenza, están dentro da marxe de erro da enquisa, polo que non se pode determinar que o seu nivel de uso sexa diferente por xénero.

2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo e idade



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)

Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A idade é un factor importante na dixitalización dos galegos e galegas. O uso de dispositivos electrónicos é incluso superior entre as mulleres galegas respecto aos homes de 45 a 64 anos. Os homes só presentan unha vantaxe significativa a partir dos 65 anos (máis de 4 puntos porcentuais).

No uso dos dispositivos electrónicos apenas existen diferenzas segundo o xénero da persoa. En xeral, tanto homes como mulleres teñen un nivel de acceso e uso dos dispositivos moi semellantes independentemente da idade.

2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo e estudos terminados



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)

Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

No 2022 hai un incremento da dixitalización das mulleres, igualando ou superando aos homes en moitos dos estratos educativos. Destaca o uso dos dispositivos electrónicos entre as galegas que teñen estudos de educación primaria e inferior ou de educación secundaria e post-secundaria non superior.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

Uso de Internet nos últimos tres meses segundo o sexo

Comparativa Galicia-España




Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

No uso de Internet durante os últimos tres meses, non se observa fenda dixital segundo o xénero tanto en Galicia como a nivel estatal, onde non se aprecia diferenza algunha entre homes e mulleres.

No 2022, en Galicia as mulleres que utilizaron internet nos últimos tres meses acadan o 89,1% fronte ao 89,5% dos homes.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e idade




Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Dependendo da idade, no uso de Internet repítese un patrón semellante ao de uso de dispositivos electrónicos. No 2022, a fenda de xénero practicamente desaparece, sobre todo entre os/as galegos/as de 55 a 64 anos, aínda que segue a estar presente a partir dos 65.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e estudos terminados




Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A medida que a formación académica dos galegos/as é maior, as diferenzas entre homes e mulleres tenden a desaparecer. A maior fenda no uso de Internet obsérvase entre aquelas mulleres con estudos primarios e inferiores, onde a muller ten menor acceso a internet que os homes.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e situación laboral




Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


Non se observan diferenzas significativas no uso de Internet entre as mulleres e homes segundo a súa situación laboral e, soamente no caso das persoas con discapacidades, as mulleres teñen un menor acceso a internet que os homes.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

*Evolución do indicador
Uso de Internet nos últimos tres meses
Comparativa Galicia – España*



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes




Fonte: INE (2022)

No 2022, tanto a nivel nacional como na nosa Comunidade o uso da Rede entre as mulleres mantense estable . Dende o ano 2019 o uso de Internet por parte das galegas aumentou un 4,5%.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

Diferenza entre homes e mulleres que empregaron Internet nos últimos tres meses (puntos porcentuais)

% de individuos que empregaron Internet nos últimos tres meses				
	% mulleres	% homes	% total	Fenda
Chipre	92,04	89,71	90,9	2,3
Suecia	98,16	96,24	97,2	1,9
Francia	92,54	91,07	91,8	1,5
Finlandia	98,34	97,02	97,7	1,3
Eslovaquia	90,83	89,53	90,2	1,3
Lituania	88,94	87,87	88,4	1,1
Hungría	90,16	89,22	89,7	0,9
Estonia	92,68	91,97	92,3	0,7
Letonia	92,56	91,86	92,2	0,7
Noruega	99,91	99,65	99,8	0,3
Dinamarca	98,20	97,99	98,1	0,2
España	94,50	94,50	94,5	0,0
Galia	89,10	89,50	89,3	-0,4
Malta	91,82	92,34	92,1	-0,5
Irlanda	95,32	95,86	95,6	-0,5
Rumania	88,54	89,20	88,9	-0,7
Países Baixos	95,17	95,86	95,5	-0,7
UE27	90,7	91,6	91,1	-0,9
Bélxica	93,97	95,09	94,5	-1,1
Luxemburgo	97,65	99,05	98,4	-1,4
Polonia	87,73	89,15	88,4	-1,4
Grecia	83,31	84,77	84,0	-1,5
República Checa	90,87	92,36	91,6	-1,5
Montenegro	88,92	90,47	89,8	-1,6
Austria	93,30	95,02	94,2	-1,7
Albania	84,90	86,76	85,8	-1,9
Portugal	84,17	86,03	85,1	-1,9
Bulgaria	82,15	84,10	83,1	-2,0
Eslovenia	88,92	90,88	89,9	-2,0
Alemaña	91,97	94,05	93,0	-2,1
Italia	84,91	87,39	86,1	-2,5
Croacia	81,33	84,55	82,9	-3,2
Serbia	82,29	86,67	84,4	-4,4
Turquía	80,10	88,30	84,2	-8,2



Países con maior fenda de xénero:

Turquía (-8,2), Serbia (-4,4), Croacia (-3,2), Italia (-2,5), Alemaña (-2,1), Eslovenia (-2,0), Bulgaria (-2,0)

Países con menor fenda de xénero:


Chipre (2,3), Suecia (1,9), Francia (1,5), Finlandia (1,3), Eslovaquia (1,3), Lituania (1,1).

- Máis do 5% superior de homes
- Do 2% ao 5% máis de homes
- De 0% a 2% máis de homes
- Maíor porcentaxe de mulleres
- Sen datos

Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE) / INE (2022) / EUROSTAT (2022)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: Poboación de 16 a 74 anos

2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o sexo.
Comparativa Galicia-España*




Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

O uso do comercio electrónico en Galicia en función do sexo ten unha lixeira vantaxe de 0,3 puntos porcentuais dos homes respecto ás mulleres. A fenda dixital no uso do comercio electrónico en Galicia é significativamente inferior á que se rexistra a nivel estatal (1,5 puntos).

2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses

Evolución do indicador
Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses
Comparativa Galicia – España




Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Tras o forte crecemento do comercio electrónico nos anos de restricións na pandemia da Covid, hai un lixeiro descenso no último ano, pero isto non impide que a fenda de xénero se reduza, tanto no nivel galego coma no estado.

2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo sexo e idade




Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

No ano 2022, do mesmo xeito que ocorría co uso dos dispositivos electrónicos e a Internet, a idade é un factor condicionante á hora de adquirir un ben ou servizo en liña. Así, obsérvase que, entre os menores de 54 anos, son as mulleres as que máis utilizan a Rede como canle de compras. Esta tendencia invértese nos grupos de maior idade (de 55 a 74 anos).

2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo sexo e situación laboral



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)


Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Entre as persoas que están actualmente estudando ou ocupadas, as mulleres superan lixeiramente aos homes na realización de compras en liña. Esta tendencia é a contraria no resto de situacións laborais e a diferenza máis acusada está entre as persoas que se dedican ás tarefas do fogar, onde a fenda de xénero é de 6,4 puntos porcentuais.

2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses segundo o sexo



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)

Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

No relativo ao uso da Administración Dixital, no ano 2022, non existe fenda de xénero


A porcentaxe de mulleres que interactúa coas AAPP a través de Internet supera á porcentaxe de homes en todas as tarefas analizadas: obter información (+3,4 pts), descargar formularios (+4,1), cumprimentar formularios (+3,8) e descargar documentos persoais (+0,5).



3. A Fenda Dixital de Xénero segundo o hábitat


A fenda dixital de xénero desde un punto de vista territorial

Neste capítulo analízase a influencia do hábitat no distinto uso das TIC entre homes e mulleres nos indicadores de dixitalización segundo as seguintes variables xeográficas:



Provincia

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e provincia




As provincias galegas non amosan diferenzas significativas por xénero no uso de dispositivos electrónicos.

As mulleres superan lixeiramente aos homes na provincia de Ourense no uso de dispositivos electrónicos, que se usan en xeral máis en Pontevedra e A Coruña.

Hábitat

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e hábitat




O tamaño do hábitat non determina diferenzas significativas entre homes e mulleres no uso de dispositivos electrónicos con capacidade de conectarse a internet.

Nos concellos de maior poboación, o seu uso é superior.

Áreas Comarcais

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e áreas comarcais




A fenda de xénero no uso de dispositivos electrónicos non supera os 2 puntos porcentuais en ningunha das áreas comarcais.

Só en áreas rurais moi puntuais hai menos do 95% de usuarios/as con dispositivos electrónicos conectables a internet.

Sete concellos con maior poboación de Galicia

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia




Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

O maior uso de dispositivos electrónicos entre as mulleres sitúase nos concellos de Ourense (99,1%), A Coruña (98,7%) e Pontevedra (98,4%). A maior fenda de xénero obsérvase en Ferrol cunha distancia no uso de dispositivos electrónicos nos tres últimos meses de 2,6 puntos porcentuais superior entre os homes, e Santiago, con 1,7.

Provincia

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e provincia




Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Pontevedra e A Coruña son as provincias onde máis mulleres utilizaron Internet nos últimos tres meses cun 89,8% e 89,3% respectivamente.

Nas provincias de Ourense e Lugo as mulleres superan lixeiramente aos homes no uso de Internet.

Hábitat

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e hábitat



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos


Nos concellos de menos de 5.000 habitantes, as mulleres superan aos homes no uso de Internet nos últimos tres meses en máis de dous puntos.

A partir dos 10.000 habitantes a vantaxe é dos homes, sempre inferior aos dous puntos.


Áreas Comarcais

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e áreas comarcais

Mulleres




Homes



O uso de internet por xénero e comarcas presenta tendencias dispares pero cabe salientar que en Lugo Oriental, a diferenza supera lixeiramente os 5 puntos porcentuais, a prol das mulleres internautas. O uso de internet é superior ao 80%, tanto en homes como mulleres, en case todas as comarcas.

Sete concellos con maior poboación de Galicia

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia




Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Nas cidades de Santiago de Compostela (95,5%) e Vigo (94,4%) é onde hai un maior uso de Internet entre as mulleres.

A maior fenda na utilización de Internet prodúcese no concello de Pontevedra, onde a porcentaxe de mulleres internautas foi do 94,1%, 3,1 puntos porcentuais menos que os homes e Lugo, con 2,5.

Provincia

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e provincia



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Na provincia da Coruña, a porcentaxe de homes que compran a través de Internet supera en 1,1 puntos porcentuais á de mulleres. En Lugo e Pontevedra, son as mulleres as que superan aos homes na realización de compras na Rede.

Hábitat

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e hábitat



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos


Tendo en conta o tamaño de hábitat, nas grandes cidades hai un maior uso do comercio electrónico e a fenda de xénero faise máis evidente

Nos concellos de máis de 20.000 habitantes, a fenda de xénero sitúase por riba de 1,5 puntos porcentuais, pero nos concellos de menos de 20.000 habitantes son as mulleres as que en maior medida mercan en liña.


Áreas Comarcais

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e áreas comarcais

Mulleres




Homes



Nas áreas comarcais de Lugo Oriental, Pontevedra Nororiental e A Barbanza-Noia, é nas que as compras a través da Rede das mulleres superaron con maior distancia ás compras dos homes.


Sete concellos con maior poboación de Galicia

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Vigo é a única das cidades galegas onde as mulleres, no ano 2022, mercaron bens ou servizos a través de Internet máis que os homes. Nos restantes grandes concellos, rexístrase fenda de xénero no comercio electrónico, observando a distancia máis acusada nos concellos da Lugo, Ourense, e Santiago de Compostela.



4. Indicadores Adicionais


Indicadores Adicionais

Neste apartado analizaremos os diversos usos que os internautas galegos dan a internet, que nos permitirán perfilar o grao de dixitalización e as habilidades dixitais dos homes e mulleres galegos/as de 16 a 74 anos. Concretamente nesta edición do estudo incorpóranse novos bloques de indicadores que se clasifican en:

	Servizos de Internet Utilizados	
	Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet	
	Actividades de participación política e social realizadas na Internet	
	Actividades relacionadas coa saúde realizadas na Internet	
	Actividades xerais realizadas na Internet	
	Actividades relacionadas cos móbiles e ordenadores	
	Actividades relacionadas coa informática	

Servizos de Internet utilizados

Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses

Comunicarse por mensaxería instantánea (97,9%) é o uso máis destacado de Internet entre as galegas que utilizaron a Rede nos últimos tres meses (89,1%) seguido de buscar información sobre bens ou servizos (86,9%). As mulleres superan aos homes na participación en redes sociais en 6,1 puntos porcentuais, no uso de videoconferencias en 4,3 e na mensaxería instantánea en 1,2.

A maior distancia cos homes é no uso de videoxogos, onde estes superan en 8,6 puntos ás mulleres e nas actividades de descarga e visualización de contidos audiovisuais (programas, vídeos, música, etc).

Actividades de Aprendizaxe realizadas na Internet

Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet con fins educativos, profesionais ou privados nos últimos 3 meses



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses

No 2022, as mulleres realizaron máis actividades de aprendizaxe na rede que os homes, xa sexa para comunicarse con profesores ou alumnos utilizando portais ou sitios web educativos, utilizar material de aprendizaxe en liña ou realizar algún curso en liña. En todas estas actividades superan os 5 puntos de vantaxe sobre os homes.

Actividades de participación política e social realizadas na internet

Actividades de participación política e social realizadas na Internet nos últimos 3 meses



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses

Non se observan diferenzas significativas nas actividades de participación social, onde as mulleres superan lixeiramente aos homes nestas actividades a través da rede.

Actividades relacionadas coa saúde realizadas na Internet

Actividades relacionadas coa saúde realizadas na Internet nos últimos 3 meses



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses

No ámbito da saúde, as mulleres utilizan máis internet que os homes para concertar unha cita médica, buscar información, acceder a arquivos persoais ou outros servizos de saúde a través dunha páxina web.

Nos dous primeiros casos (citas e información), a diferenza no uso a prol das mulleres é de máis de 10 puntos porcentuais.

Actividades xerais realizadas na Internet

Actividades xerais realizadas na Internet nos últimos 3 meses



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses

No 2022 as mulleres desempeñan en maior medida ca os homes actividades relacionadas cos contidos web como “colgar contidos propios a través da rede” ou buscar emprego onde as mulleres superan aos homes en 3,5 e 1,8 puntos porcentuais respectivamente.

Só están claramente por detrás dos homes en “realizar apostas en liña”, nas que a participación feminina é menos da metade que a dos homes.

Actividades relacionadas cos móbiles e ordenadores

Actividades relacionadas cos móbiles e ordenadores realizadas nos últimos 3 meses



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses

Nas actividades avanzadas relacionadas con móbiles e ordenadores os homes superan ás mulleres, acadando a maior fenda de xénero no cambio de configuración de calquera tipo de software onde a fenda de xénero é de 7,6 puntos porcentuais, seguido de "instalar software ou aplicacións" (4,5) e "transferir ficheiros entre ordenadores e outros dispositivos" (2,6).

Actividades relacionadas coa informática

Actividades relacionadas coa informática realizadas nos últimos 3 meses



Fonte: EEF 2022 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses

Crear presentacións ou documentos que integren textos, imaxes, táboas ou gráficos (32,4%) e usar un procesador de texto (46,7%), son dúas das actividades onde o uso das mulleres superan aos homes.

O uso de follas de cálculo nas súas funcións básicas ou avanzadas e a programación informática son actividades onde a fenda de xénero é mais elevada entre homes e mulleres.



5. Conclusiones

Uso de dispositivos electrónicos



En Galicia, na actualidade, non existen practicamente diferenzas entre o uso de dispositivos electrónicos que realizan homes e mulleres.

O uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses é incluso superior entre as mulleres galegas respecto aos homes de 45 a 64 anos, sobre todo no tramo de idade de 55 a 64 anos

Uso de Internet



No uso de Internet, non existen diferenzas significativas entre homes e mulleres. O 89,1% das galegas e o 89,5% dos galegos utilizaron Internet nos últimos tres meses.

No 2022, as galegas de 55 a 64 anos, superan aos homes en 4,1 puntos porcentuais acadando un 87,8% de galegas internautas fronte aos 83,7% de homes internautas da mesma idade.

Compras a través da rede



En termos globais, a porcentaxe de homes que compran a través da Rede en Galicia é superior en 0,3 puntos á que se rexistra entre as mulleres.


Con todo, entre as persoas menores de 54 anos, as mulleres superan aos homes na utilización da Rede como canle de compra.

Relación coas AAPP



A porcentaxe de mulleres que interactúa coas AAPP a través de Internet supera á porcentaxe de homes en tódolos procedementos analizados.

Indicadores Adicionais



As diferenzas entre galegos e galegas, no relativo ás actividades e servizos que utilizan na rede, varían en función da natureza das actividades.

Na participación en redes sociais, educación online e actividades relacionadas coa saúde, a porcentaxe de mulleres usuarias supera á de homes.

En xogos e apostas en liña, na visualización ou descarga de contidos audiovisuais, programación informática e usos de follas de cálculo, os homes son máis activos que as mulleres.

Os homes superan ás mulleres en todas as actividades relacionadas co software en ordenadores e móbiles como son descargar e instalar software ou mover arquivos entre dispositivos



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA